

II

Érase...**TEXTO 1**

Unha vez era un cura que tiña unha criada que cando esbirraba nunca dicía «Xesús!». O demo, por iso, pensaba que era pouco relixiosa e deu en matinar en como había facer para lle levar a alma. E pensou que o mellor era meterse no corpo dela. Así que todas as noites ía, en figura de home, ao curral do cura por ver se o podía facer.

Unha noite atopouse alí con outro home e, despois de saudárense, este preguntoulle:

– E ti que fas aquí?

– Eu son o demo, e veño ver se me meto na criada, porque nun dí «Xesús!» cando esbirra. E ti a que vés=

– Eu veño ver se lle roubo a mula ao cura.

E alí quedaron os dous ata que por fin baixou a criada por viño para a cea á bodega que estaba no curral. E mentres facía isto, esbirrou.

Entón foi o ladrón e dixo:

– Deu che axude, criatura!

O demo, ao oír aquilo, como xa non se podía meter na criada, pegou un berro, e dixo:


– Señor cuuuura, señor cuuuura! Baixe correndo que rouban a mula.

E tiveron que escapar os dous.

TEXTO 2*O cero rei*

O cero, farto de non ser nada, decidiu coller o seu camiño fóra do Sistema Métrico Decimal.

– Fóra non hai nada –dixéronlle os números pares, os impares e tamén os idiotas, xa que sabían que sen o cero todo o sistema se viría abaixo.



– Pois este é o meu sitio –respondeu el–. Dous días son dous días, e sete semanas son sete semanas, pero cero meses non é ningún mes.

– Ponte ao meu carón e seremos un corenta –dixo o catro.

– Quero ser alguén por min mesmo, sen axuda de ninguén –respondeu.

Atravesou, pois, o Sistema Métrico Decimal e chegou a un lugar raro, onde as cousas non eran nada. Nin as

rúas eran rúas, nin os semáforos semáforos, nin as árbores árbores. «Este é o meu lugar, xa que son un número que non é un número».

Entrou calado coma un peto nunha casa e viu un pai que non era un pai, unha nai que non era unha nai, uns fillos que non eran uns fillos, e un canario que non era un canario.

Estivo todo o día observando. Ao atardecer saíu á rúa que non era unha rúa, feliz de atopar un lugar para vivir que non era un lugar.

Mais apenas percorra dous rueiros, cando o detiveron dous policíaas que non eran policíaas.

– Vostede non pode estar aquí –dixéronlle–. Para quedar aquí é preciso non ser nada.

– É que son un cero –dixo o cero.

– Un cero é un cero – contestáronlle.

– Un cero –dixo el –é un número que non é un número. Canto días son cero días? Cantas semanas son cero semanas? Cantos meses son cero meses?

O asunto foi levado perante uns licenciados en nada, que era a profesión máis estendida naquel sitio. Tras darlle moitas voltas ao asunto, este expertos decidiron que non era o mesmo nada ca cero.

Apertáronlle as caravillas e devolvérono ao Sistema Métrico Decimal, onde foi recibido con todos os honores polo resto dos números, que non podían vivir sen el.

E para que non volveuse marchar nomeárono Rei do Sistema, e el aceptou, e desde entón reina sen comprender por que é preciso ser nada para selo todo.

J. J. Millás e Forges, *Números pares, impares e idiotas*

TEXTO 3

A moura do Castro de Baínte

Estaba unha moura poñendo ouro ao sol no castro de Baínte cando pasou un home que quedou ollando para tanta riqueza.

– Ai se me dera un pouco! –ao que a moura respondeu:

– Quérelos aos puñados ou quérelos aos ferrados?

– Aos ferrados.

– Pois vai buscar a medida.

Correu o home á casa, mais cando volveu, o ouro e a moura desaparecera. E o de Baínte laiábase: «se dixese aos puñados, poida que arestora algún ouro fose meu».

CUESTIÓNS XENÉRICAS

1. Fai un breve resumo dos textos.
2. Identifica que tipo de narración literaria é cada un dos textos e explica por que.

CUESTIÓNS SOBRE O TEXTO 1

3. Que fai o ladrón cando esbirra a criada?
4. En que consiste a vinganza do demo?
5. Que ensinanza atopas neste texto?

CUESTIÓNS SOBRE O TEXTO 2

6. Explica o significado das seguintes frases feitas do texto.
 - a. Decidiu coller o seu camiño.
 - b. Virse abaixo.
 - c. Calado coma un peto.
 - d. Darlle moitas voltas ao asunto.
 - e. Apertáronlle as caravillas.
7. Reescribe o relato, de maneira que só apareza narración e se elimine o diálogo, desde o inicio ata «Quero ser alguén por min mesmo, sen axuda de ninguén».
8. Escribe un final diferente para o relato. Para facelo imaxina que o cero rei, insatisfeito, fai unha nova escapada a un lugar diferente.

MATERIAIS DE APOIO

Libro de texto: Unidade didáctica 7, apartado 3, educación literaria: o conto popular e o conto literario.